




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA 3 - FEB. 2003 Núm.: 8376
--

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da súa deputada Maria Pilar Garcia Negro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión, relativa ao ensino portugués no sistema escolar público de noso país.

A filosofía oficial sobre a lingua galega preocupou-se sempre máis de “independizar” a súa existencia face ao portugués do que, en boa lóxica, reforzar a súa “consanguinidade” e todas as vantaxes que para ela reportaría a relación coas outras variantes –portugués de Portugal, do Brasil, doutros países do mundo- do comun sistema, do que mesmamente é orixe e matriz a lingua da Galiza. Por sobre este arredismo absolutamente supérfluo e contraproducente, máis un paradoxo se abre na situación de case total descoñecimento do portugués e das literaturas escritas en portugués na Galiza e é que tamén non funcionan como materias “estranxeiras”. Quer dicir, nen gozan dos dereitos que se conceden ao próximo e (seica) inevitábel, o español, nen teñen en absoluto, os dereitos indiscutidos que se conceden ao inglés ou a calquer outra lingua presente no ensino obrigatorio, quer como troncal, quer como optativa. O resultado é un ermo brutal: son illós escasísimos, en toda a Galiza, contadísimos centros, onde o portugués se pode estudar, sequer como optativa. Desde logo, depende da petición do centro, non de nengunha planificación emanada da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. Resulta non só paradoxal e anti-económico senón, mesmo, doloroso sabermos que o goberno de Extremadura presta máis atención e recursos aos contactos e relacións con Portugal, que tamén lles é fronteirizo, do que a Xunta de Galiza fai ao respecto. No caso galego, aliás, non se trata



—a relación con Portugal, en concreto— dunha simples cuestión de proximidade xeográfica ou de “fronteira” natural, senón da necesaria reposición histórica, cultural e económica que as institucións autonómicas galegas, os poderes públicos galegos, deberan ser os primeiros en promoveren e activaren, máis de 20 anos após se constituir a Comunidade Autónoma Galega.


Enfin, de dúas, unha: ou naturaliza-se na Galiza o ensino da lingua e da literatura e cultura portuguesa e en portugués, como necesidade e conveniencia inobxectábeis, e que só reportaría vantaxes, ou, como mínimo, admíte-se e programa-se o ensino das mesmas como materia optativa nos niveis correspondentes do ensino obrigatorio e do ensino post-obrigatorio.

Por todo isto, formulamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1.- Estudar e prever, con aplicación no curso 2003-2004, a implantación xeneralizada, nos I.E.S. e en todos os centros onde se imparte educación secundaria de todo o país, o ensino, como materia optativa, da Língua e de Literatura Portuguesa.

2.-Programar, desde a Consellaria de Educación e Ordenación Universitaria, con eventual colaboración doutras Consellarias, viaxes e intercambios escolares entre os centros de ensino da Galiza e de Portugal.



3.-Enviar aos centros de ensino secundário do noso país materiais didácticos, incluídos audiovisuais, que podan resultar de proveito para o ensino da(s) disciplina(s) mencionadas no punto 1.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2003

Asdo.: Maria Pilar Garcia Negro

Deputada e portavoz s. do G.P. do BNG